



23 DE ABRIL: UN OCEANO DE HISTORIAS

O departamento de Lingua Castelá e Literatura desenvolve un ano máis unha serie de actividades en torno á lectura para celebrar o Día Internacional do Libro. Este ano cúmprense catrocentos anos do falecemento de Miguel de Cervantes, e tamén de Shakespeare, así como cen anos desde a morte de Rubén Darío. Con tal motivo moitos dos nosos alumnos veñen preparando desde hai xa algún tempo certas tarefas de investigación, de lectura ou memorización de fragmentos, de elaboración de murais, creación de textos, etc. das que estes días ofrecen publicamente os resultados.

O luns 18 de abril inauguramos esta semana de actividades coa apertura das exposicións dedicadas aos autores que presiden estes días o noso vestíbulo: Rubén Darío e Miguel de Cervantes.

Ás 13 h tivo lugar unha conferencia de **D. José Montero Reguera**, catedrático de Literatura Española da Universidade de Vigo e presidente de honor da Asociación de Cervantistas que fixo un oco na súa apretadísima axenda deste mes para compartir con todos nós os seus extraordinarios coñecementos sobre Cervantes. Malia a súa autoridade indiscutible soubo achegarnos esa información dunha maneira moi sinxela, didáctica e atractiva.